

## Denuncia oficina Málaga O. P.

Será posible...

...que algún día non se teña que falar do deplorable estado da oficina?

...que non se dean cita con frecuencia varios técnicos de mantemento á vez na oficina?

...que non se queixen os clientes a diario?

...que deixen de caer, por litros, augas fecais desde a planta de arriba?

...que non pregunten os clientes, con sorna, se o banco pode cambiar as mesas da oficina?

Non se trata dunha broma pesada, senón da situación que se vive decote na oficina da rúa Hilera, a 0240. É aínda máis vergoñento confirmarlles aos clientes que preguntan que, efectivamente, é a Oficina Principal do Banco en Málaga.

**O banco non ten a ben reformar a oficina. Preguntouse en infinidade de ocasións en distintos departamentos e as respostas sempre foron evasivas.**

Esta oficina ten mobiliario antigo, deteriorado, sen disposición ergonómica dos distintos aparellos. A iluminación é escasa e está mal distribuída; se apagas a luz dun despacho, apáganse varias do patio de operacións. A disposición dos postos de traballo é anárquica, con cables soltos por todo o centro de traballo. O arquivo contén un monte de mobiliario sen orde definida e que dificulta o acceso á saída de emerxencia. Hai diversidade de timbres, consecuencia dos distintos departamentos que conviven alí, con sons e intensidades diferentes, o que crea un ambiente ruidoso e molesto. A deficiente ventilación da oficina, que foi denunciada, segue a ocasionar malos cheiros con orixe, posiblemente, nos condutos antigos de ventilación, aparellos de aire vellos, ao que hai que engadir tomas de aire mal

situadas que propician ver asemade uns empregados abrigados con chaquetas e outros suando pola calor. Canos atoados, baixantes sucias, rede de sumidoiros sen mantemento, etc. As deficientes condicións xeran malestar entre o persoal, ante a incerteza de se a exposición da súa saúde aos riscos descritos poida danalo durante a realización do seu traballo neste centro.


**Perante esta cantidade de circunstancias, e esgotada a vía do razoamento coa empresa, só quedaba presentar a pertinente denuncia diante da Inspección de Traballo.** Cursouse o pasado día 13 de maio, solicitando a visita e consulta aos traballadores/as, a avaliación de riscos hixiénicos e xerais á empresa para que, se for o caso, determine as accións correctoras e/ou sancionadoras que deriven do incumprimento da Lei de prevención de riscos laborais, e cantos decretos, normativas e guías puidesen serlle de aplicación.

Non é esta a única oficina que presenta deficiencias notables nin, polo tanto, a última denuncia que presentaremos diante da Inspección de Traballo. De momento, xa estamos traballando sobre a oficina 0587-Alameda Principal de Málaga, que presenta características similares ás descritas na anterior.

**Non é admisible que haxa oficinas así, cando outras teñen uns niveis de confort e unha presenza axeitada á normativa e á imaxe dunha entidade do nivel de Banco Sabadell.**

Málaga, 10 de xuño de 2009

**Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > [http:// www.comfia.net/bs/](http://www.comfia.net/bs/)**

<b>Boletín de afiliación</b> Enviar a ►		<b>3532-0002 CC.OO.</b>	Sinatura
Nome .....	Ofi.:		
Domicilio .....			
Poboación .....	C.P.:		
Cta. de cargo .....			
		DNI	Data / /
<small>Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como —en todo caso— á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: <a href="http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html">http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html</a>. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para che remitir información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezcan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (<a href="http://www.ccoo.es">http://www.ccoo.es</a>) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12, 28010, Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Se tes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a <a href="mailto:lodp@cco.es">lodp@cco.es</a> ou chamar por teléfono ao 917028077.</small>			